



PORTADA ▶ Enfoque

O equipo internacional liderado desde a UVigo que estuda o impacto do cambio climático na atmosfera



Compartir en Facebook



Compartir en X



Compartir en Whatsapp



Por Metropolitano — 20/06/2025

O International Space Science Institute-ISSI acaba de prolongar dous anos máis o proxecto que desde o ano 2022 desenvolve un equipo internacional liderado polo físico da Universidade de Vigo Juan Antonio Añel que estuda os **impactos do cambio climático**

sobre a atmosfera alta do planeta, a orbitación de satélites e o lixo espacial. A ampliación prodúcese para poder estudar máis en profundidade estes impactos e outros novos detectados durante o desenvolvemento do estudo.

No proxecto participaron ata o de agora once institucións de sete países, estando ademais da UVigo a Universidade de Oxford, a Nasa, o MIT (Instituto Tecnolóxico de Massachusetts), o Centro Nacional de Investigacións Atmosféricas de Estados Unidos (NCAR), o Centro de Investigación Antártica de Reino Unido, a Charles University de República Checa, o Instituto Nacional de Investigacións Avanzadas da India, o Instituto Meteorolóxico de Finlandia, o Instituto Meteorolóxico dos Países Baixos e a Universidade de Leeds. Nesta segunda etapa manterase o mesmo equipo aínda que desde o proxecto explican que non está asegurada a representación da Nasa polas **restricións impostas para a colaboración internacional aos seus científicos polo actual goberno de EEUU**.

Más noticias



Os retos e oportunidades da intelixencia artificial para a docencia universitaria

🕒 01/07/2025



Investigadores da UVigo buscan incrementar a vida útil de estruturas de formigón reforzadas

🕒 30/06/2025

Por parte da Universidade de Vigo participa Juan Antonio Añel, que é o director deste grupo internacional, e Laura de la Torre, membros os dous do Grupo Environmental Physics Laboratory (Ephyslab-Centro de Investigación Mariña) e docentes da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense. Amosando a súa satisfacción por acadar esta continuación do proxecto, o seu responsable destaca que supón “todo un pulo que se revalide a confianza en alguén da UVigo para seguir liderando este traballo tendo en conta a xente tan boa e de tantos centros de investigación tan prestixiosos de todo o mundo que participan nel”.

Continuidade de obxectivos e novos impactos a avaliar

Os obxectivos do proxecto mantéñense, ampliando a profundización neles. **En primeiro lugar, sitúase avaliar en que estado está a monitorizar dos impactos do cambio climático nas capas máis altas da atmosfera.** Hai, sinala Juan Antonio Añel, unha gran falla de datos e sistemas de observación, estando moi restrinxido o coñecemento actual sobre os impactos do cambio climático á parte máis baixa da atmosfera do planeta. O equipo internacional propónse ademais construír unha base de datos de observacións da atmosfera media para poder estudar mellor ditos impactos e cuantificar o impacto das emisións dióxido de carbono na ionosfera e certas propiedades da atmosfera alta, tales como a densidade de electróns. “Isto é importante porque está afectando á navegación de satélites e ao seu tempo de reentrada na atmosfera e aumentando o tempo de permanencia en órbita do lixo espacial e polo tanto aumentando a súa cantidade”, sinalan. Tamén, no marco desta iniciativa farase un informe con recomendacións sobre como solucionar estes problemas.

O proxecto arrancou en 2022 tras ser un dos seleccionados na convocatoria anual para financiar equipos de traballo nos temas máis relevantes do momento en investigación espacial e de monitorización da terra que realiza o ISSI, entidade financiada principalmente pola Axencia Espacial Europea, a Academia de Ciencias de Suíza e a Axencia Espacial de Xapón e que conta coa participación de numerosas institucións de referencia. Entre as razóns de estender dous anos máis a súa realización, está, explica Juan Antonio Añel, “que ao longo destes dous anos identificáronse impactos do cambio climático que descoñeciamos na alta atmosfera que fan que sexa importante investigar moito máis o que está a ocorrer”. Entre estes impactos cita que os meteoritos están penetrando moito máis na atmosfera debido á perda de densidade desta capa causada polas emisións de dióxido de carbono, que tamén está a aumentar as probabilidades dunha colisión de satélites”.

Outro elemento que motivou a continuidade deste grupo de traballo é que "a reentrada de satélites artificiais que se queiman na atmosfera está aumentando a cantidade de algúns metais en suspensión nela, como por exemplo o aluminio”. Tamén é importante, engade Juan Antonio Añel, “que temos estado a traballar no lanzamento de novos satélites para ser capaces de monitorizar todos estes cambios e este é un traballo en curso”. Así, detalla, neste senso en xullo asistirá como director deste grupo a unha xuntanza na Axencia Espacial Europea en Praga na que se decidirá o posible lanzamento dunha misión de satélite que axudaría a monitorizar os problemas abordados neste proxecto.

Somos metropolitanos. Somos el digital de referencia en Vigo y su área metropolitana. No te pierdas nada. Todas las noticias de Vigo y su área: cultura, planes, deporte...



Contacto

Puedes encontrarnos en nuestras redes sociales o, si lo prefieres, ponerte en contacto con nosotros a través de contacto@metropolitano.gal

Publicidad en Metropolitano.gal

[Cambiar opciones de privacidad](#)



Toda la actualidad de Vigo y su área, gratis en tu WhatsApp

Saber todo lo que ocurre en Vigo y su área metropolitana es ahora más sencillo, rápido y directo gracias al nuevo servicio de alertas de WhatsApp de Metropolitano.gal